

# **DIMITROV CONTRA GÖRING**

## **Discurso final ante o Tribunal nazi**

*Discurso pronunciado o 16 de decembro de 1933*

*Fonte: Marxists.org*

**estoutras**



**Abril 2009**



**D**imitrov: Segundo o artigo 258 do Código Procesual, teño dereito a falar como defensor e tamén como acusado .

*O Presidente:* Ten vostede dereito a falar en último lugar e pode agora facer uso dese dereito.

*Dimitrov:* En virtude do citado Código, teño dereito a contestar á acusación e, polo tanto, a falar en último lugar.

Señores xuíces, señores fiscais, señores defensores. Desde o comezo da vista deste proceso, hai tres meses, como acusado, dirixín unha carta ao Presidente do Tribunal. Naquela carta dicía que lamentaba que as miñas intervencións deran lugar a incidentes, mais que rexeitaba categoricamente que a miña conduta se interpretase como un abuso deliberado do dereito a formular preguntas e emitir declaracións con fins propagandísticos. Compréndese que, desde o momento no que se me acusou, malia ser inocente, tentei defenderme por todos os medios dos que dispoño...

«Recoñezo –dicía na miña carta- que non todas as preguntas foron formuladas correctamente, do punto de vista da súa forma xurídica. Isto explícase polo meu descoñecemento das leis alemás. Ademais, é a primeira vez na miña vida que me vexo nun proceso semellante. Se tivese un defensor da miña elección, tería podido evitar na súa totalidade estes incidentes desfavorábeis para a miña propia defensa. Nomeei a unha serie de avogados: a Dechev, a Moro-Giaferi, a Campinchi, a Torrès, a Grigorov, a Leon Gallager (de Norteamérica) e ao Dr. Lehmann (de Saarbrücken). Mais o Tribunal do Reich, botando man dun ou doutro pretexto, rexeitou todas as miñas designacións, até negou o permiso de entrada ao señor Dechev.

Non teño ningunha desconfianza persoal contra o señor Doutor Paul Teichert, nin como persoa nin como avogado, mais na actual situación da Alemaña, Teichert non pode merecerme a confianza necesaria como avogado de oficio. Por iso, tento defenderme eu mesmo, e as veces, do punto de vista xurídico, cometo erros.

Para a miña defensa diante deste Tribunal e, tamén para a correcta marcha do proceso, diríxome outra vez, a última, a este Tribunal Supremo, pedindo que se designe ao avogado Marcel Villard, que xa recibiu a autorización da miña irmá, para facerse cargo da miña defensa. Se esta miña última proposición é tamén rexeitada, desgraciadamente, non terei outra vía que defenderme eu mesmo na medida das miñas forzas e como mellor saiba».

Como esta proposición tamén foi rexeitada, decidín defenderme eu mesmo. Xa que non preciso do mel e do veneno da elocuencia do defensor que se me impuxo, defendinme todo o tempo sen axuda do avogado.

Naturalmente que non fago meu o informe do avogado Teichert. So o que dixer ante o Tribunal até agora, e o que vou dicir deseguido, é o que se ten que ter en conta para a defensa. Non quixera agraviar a Torgler, que, ao meu entender, xa foi dabondo agraviado polo seu defensor, mais debo dicir abertamente: prefiro ser condenado inxustamente a morte pola xustiza alemá que ser absolto por unha defensa como a que fixo de Torgler o Dr. Sack.

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Aquí vostede non ten dereito a criticar.

*Dimitrov:* A miña linguaxe é apaixonada e dura, seino, mais tamén a miña loita e a miña vida foron sempre duras e apaixonadas. A miña linguaxe é unha linguaxe franca e sincera. Estou afeito a chamar ás cousas polo seu nome. Non son un avogado que defende por deber ao seu cliente.

Deféndome a min mesmo, como comunista acusado.

Defendo a miña honra persoal de comunista, a miña honra revolucionaria.

Defendo as miñas ideas, as miñas convicións comunistas.

Defendo o sentido e o contido da miña vida.

Por esta razón, cada verba pronunciada por min ante o Tribunal é, poderíamos dicir, *sangue do meu sangue e carne do meu carne*. Cada verba miña é a expresión da miña indignación máis profunda contra esta inxusta acusación, contra o feito de que se impute aos comunistas un crime tan anticomunista.

Reprochouseme reiteradamente non tomar en serio ao Tribunal Supremo alemán. Este reproche é absolutamente inxusto.

*É certo que para min, como comunista, a suprema lei é o programa da Internacional Comunista e o Tribunal Supremo a Comisión de Control da Internacional Comunista.*

Mais, como acusado, o Tribunal Supremo é para min un tribunal ante o que é mester adoptar unha actitude seria, non só polo feito de estar integrado por xuíces dunha especial cualificación, senón tamén porque este Tribunal é un órgano sumamente importante do poder do Estado, un importante órgano do réxime social imperante, Tribunal que pode condenar inapelabelmente á maior pena. Podo dicir con total tranquilidade ante o Tribunal, e, polo tanto, ante a opinión pública tamén, que dixer a verdade e só a verdade en todas as intervencións. No tocante ao meu Partido situado na ilegalidade, abstívenme de facer calquera clase de declaracións. Falei sempre con seriedade e co sentimento da profunda convicción.

*O Presidente:* Non tolerarei que faga vostede aquí, nesta sala, propaganda comunista. Estíboo facendo todo o tempo. Retirareille a palabra se continúa.

*Dimitrov:* Debe rexeitar categoricamente a afirmación de que persigo fins de propaganda. Poderá pensarse que a miña defensa ante o Tribunal compartía certa eficacia propagandística. Admito que a miña conduta ante o Tribunal pode servir de exemplo para un comunista acusado. Mais non era ese o obxectivo da miña defensa. O meu obxectivo consistiu en rexeitar a acusación, segundo a cal, Dimitrov, Torgler, Popov e Tanev, o Partido Comunista de Alemaña e a Internacional Comunista teñen algo que ver co incendio.

Sei que en Bulgaria ninguén cre na nosa suposta participación no incendio do Reichstag. Sei que no estranxeiro non hai, en xeral, ninguén que dea creto a isto. Mais as circunstancias alemás son distintas: poderíanse crer aquí tales afirmacións estrañas. Por iso quixen demostrar que o Partido Comunista non tivo nin ten nada que ver con tal delito.

Se se fala de propaganda, hai que dicir que moitas das intervencións feitas ante o Tribunal tiveron este carácter. Tamén as intervencións de Göbbels e de Góring exerceron unha acción indirecta de propaganda a prol dos comunistas, mais ninguén pode facerlles responsábeis diso. (Animación e risos na sala).

A prensa non só me denigrou de todos os xeitos posíbeis –isto é o que menos me preocupasenón que, en relación comigo, se cualificou de “salvaxe” e “bárbaro” ao pobo búlgaro, chamóuseme “o tenebroso suxeito balcánico”, o “búlgaro salvaxe”, e isto non podo pasalo por alto.

É certo que o *fascismo* búlgaro é salvaxe e bárbaro. Mais a clase obreira, os campesiños e os intelectuais populares de Bulgaria, que están do lado do pobo, non son, de ningún xeito, bárbaros ou salvaxes. O nivel material e cultural dos Balcáns non é indubidabelmente tan elevado como o doutros países europeos; mais, espiritual e politicamente, as masas populares do meu país non ocupan un nivel máis baixo que as masas dos demais países europeos. En Bulgaria, as nosas loitas políticas, as nosas aspiracións políticas, non son inferiores ás doutros países. Un pobo que viviu durante cincocentos anos baixo o xugo estranxeiro, sen perder o seu idioma, nin a súa nacionalidade, unha clase obreira e unha masa campesiña como as nosas que loitaron e seguen a facelo contra o fascismo búlgaro e polo Comunismo, un pobo así non é bárbaro nin salvaxe. Os bárbaros e salvaxes en Bulgaria son só os fascistas. Mais, pregunto, señor Presidente: *En que país non son os fascistas bárbaros e salvaxes?*

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Non aludirá vostede, por suposto, á situación política de Alemaña?

*Dimitrov (cun sorriso irónico):* Naturalmente que non, señor Presidente!

Moito antes da época na que o emperador alemán Carlos V dixera que «só falaba en alemán cos seus cabalos» e que os fidalgos alemáns e a xente instruída escribían só en latín e sentían vergoña da lingua alemá, na “bárbara” Bulgaria, os apóstolos Cirilo e Método crearan e difundiran a antiga escritura búlgara.

O pobo búlgaro loitou con todas as súas forzas e con todo tesón contra o xugo estranxeiro. Por iso protesto contra os ataques dos que está sendo obxecto o pobo búlgaro. Non teño por que avergoñarme de ser búlgaro e estou orgulloso de ser fillo da clase obreira de Bulgaria.

Antes de abordar a cuestión de fondo, debo dicir o seguinte: o Dr. Teichert reprochounos que non nos colocásemos nós mesmos na situación de acusados polo incendio do Reichstag. A isto debe contestar que pasou moito tempo desde que nos detiveron o 9 de marzo até que se abriu este proceso. Neste tempo puidéronse investigar todos os factores que deixaban marxe ás sospeitas. Durante a instrución do sumario falei con funcionarios responsábeis da chamada “Comisión do Incendio do Reichstag”. Estes funcionarios dixéronme que os búlgaros non eran culpábeis do incendio do Reichstag. Só se nos acusaba de vivir con pasaportes falsos, baixo nomes falsos, sen inscribirmos, etc...

*O Presidente:* O que acaba vostede de dicir non se discutiu neste proceso; polo tanto, non ten vostede dereito a falar diso.

*Dimitrov:* Señor Presidente, nese tempo tivéronse que analizar todos os datos para descargarnos oportunamente desta acusación. Na acusación dise que Dimitrov, Popov e Tanev afirman ser emigrados búlgaros. Porén, malia isto, hai que reputar como probado que residían na Alemaña para facer traballo clandestino. Son , dise na acta da acusación, os «axentes do Partido Comunista de Moscova para preparar a insurrección armada».

Na páxina 83 da acta de acusación dise que, malia manifestar Dimitrov que estivo ausente de Berlín entre o 25 e o 28 de febreiro, isto non altera nada, nin o libra da acusación de complicidade co incendio do Reichstag. Así o testemuñan –indica máis adiante a acta de acusación- non só as declaracións de Hellmer senón tamén outros moitos feitos que indican que...

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Non debe vostede dar lectura á acta de acusación que xa coñecemos dabondo.

*Dimitrov:* Debo dicir que tres cuartas partes de todo o que o fiscal e os defensores dixeron aquí, ante o Tribunal, hai tempo xa que é coñecido por todos e, malia isto, volveron repetilo. (Animación e riso na sala). Hellmer dixo que Dimitrov e Van der Lubbe estiveran no restaurante Bayernhof. Lese máis adiante na acta de acusación:

«Aínda que Dimitrov non foi sorprendido en flagrante delito, interveu, porén, na preparación do incendio do Reichstag. Trasládouse a Múnic para preparar a súa “coartada”. Os folletos atopados no seu poder demostran que participaba no movemento comunista alemán.»

Tal era a base desta acusación prematura que resultou ser un aborto.

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Non debe vostede empregar semellantes expresións referíndose á acusación.

*Dimitrov:* Buscarei outra expresión.

*O Presidente:* Pero non tan inadmisíbel.

*Dimitrov:* Volvo aos métodos da acusación e á acta de acusación.

O carácter deste proceso estaba trazado de antemán pola tese de que o incendio do Reichstag era obra do Partido Comunista de Alemaña, e incluso do comunismo mundial. Este acto anticomunista, o incendio do Reichstag, imputóuselles aos comunistas, presentándoo como o sinal para a insurrección comunista, como sinal para facer cambiar a Constitución alemá.

Imprimiuse a todo o proceso un selo anticomunista coa axuda desta tese. Na acta de acusación dise:

«...A acusación estima que este atentado criminal sería a chamada, o sinal, para os inimigos do Estado, quen se propuñan emprender despois un ataque xeral contra o Estado alemán co fin de destruílo e instaurar no seu lugar a ditadura do proletariado, o Estado Soviético, por obra e graza da Terceira Internacional...»

Señores xuíces: non é a primeira vez que se imputan aos comunistas semellantes atentados. Non podo citar aquí todos os exemplos desta índole. Mencionarei o atentado ferroviario de Alemaña, cerca de Jüterborg, cometido por un aventureiro e provocador anormal. Difundiuse daquela, durante semanas enteiras, non só na Alemaña senón tamén noutros países, a afirmación de que aquel atentado era obra do Partido Comunista de Alemaña, de que era un acto terrorista dos comunistas. Despois o autor resultou ser o anormal e aventureiro Matuschka, detido e condenado posteriormente.

Lembrarei outro exemplo, o asasinato do presidente da República Francesa por Gorgulov. Tamén se dixo entón en todos os países que este atentado era obra dos comunistas. Gorgulov era presentado como un comunista, como un axente soviético. E que resultou? Que o atentado fora organizado polos gardas brancos, e Gorgulov resultou ser un provocador que quería conseguir a ruptura das relacións entre Francia e a Unión Soviética.

Lembrarei tamén o atentado contra a catedral de Sofía. Este atentado non foi organizado polo Partido Comunista de Bulgaria. Mais o Partido foi perseguido. Dous mil obreiros, campesiños e intelectuais foron asasinados bestialmente polas bandas fascistas, co pretexto de que a catedral fora voada polos comunistas. Este acto de provocación foi organizado pola policía búlgara. Aínda en 1920, o propio Prutkin, xefe da policía de Sofía, organizou unha explosión de dinamita durante a folga de ferroviarios, como medio para provocar aos obreiros búlgaros.

*O Presidente:* (interrompendo a Dimitrov) Iso non ten relación co proceso.

*Dimitrov:* O funcionario de policía Séller falou aquí da incitación comunista ao incendio, etc... Pregunteille se coñecía casos nos que os incendios fosen realizados polos patróns e despois imputados aos comunistas. No *Völkischer Beobachter* do 15 de outubro dise que a policía de Settin...

*O Presidente:* Este artigo non forma parte do proceso...

*Dimitrov:* (tenta continuar)

*O Presidente:* Non ten vostede dereito a falar diso, xa que o feito non se mencionou durante o proceso.

*Dimitrov:* Toda unha serie de incendios...

*O Presidente: (interrompe outra vez a Dimitrov).*

*Dimitrov:* Isto foi obxecto dun atentado, porque toda unha serie de incendios foron imputados aos comunistas. Despois, resultou que foran obra dos patróns “co fin de proporcionar traballo!”.

Lembrarei outro feito: a falsificación de documentos. Hai unha grande cantidades de falsificacións que foron empregadas contra a clase obreira. Estes casos son moi numerosos. Só lembrarei a pretendida carta de Zinoviev, que foi unha falsificación, empregada polos conservadores ingleses contra a clase obreira. Lembrarei unha serie de falsificacións feitas aquí, na Alemaña...

*O Presidente:* Iso excede os marcos da investigación xudicial.

*Dimitrov:* Afirmouse aquí que o incendio do Reichstag serviría de sinal para a insurrección armada. Tratouse de demostrar do seguinte xeito:

Göring dixo ante o Tribunal que o Partido Comunista alemán se vira obrigado, desde o momento no que Hitler asumiu o poder, a sublevar o estado de ánimo das súas masas e intentar algo. Dixo: «Os comunistas non tiñan máis remedio que facer algo, agora ou nunca!» Dixo que o Partido Comunista levaba xa anos e anos chamando á loita contra o nacionalsocialismo e que, desde o momento da toma do poder polos nacionalsocialistas, o Partido Comunista de Alemaña non tiña máis saída que lanzarse á acción. Agora ou nunca! O Fiscal Xeral tratou de formular esta mesma tese con maior exactitude e aínda “máis habilmente”.

*O Presidente:* Non permitirei que agravie vostede ao Fiscal Xeral.

*Dimitrov:* O Fiscal Xeral ampliou aquí, como acusador público, o afirmado por Göring. O Fiscal Xeral, señor Werner, dixo:

«O Partido Comunista estaba nunha situación que necesitaba emprender a retirada, sen combate, ou pasar á acción cos preparativos aínda sen rematar. Era a única carta que lle ficaba ao Partido Comunista naquelas circunstancias. Ou renunciar sen loita ao seu obxectivo, ou lanzarse a un acto de desesperación, xogarse todo: era o único que, naquelas circunstancias, podía salvar a situación. Podía fracasar, mais aínda que así fose, a situación non sería peor que se o Partido Comunista retrocedía sen loita.»

A tese, que se lanza e se atribúe ao Partido Comunista, non é unha tese comunista. Unha hipótese desta natureza demostra que os inimigos do Partido Comunista de Alemaña non o coñecen. Para loitar con acerto contra o inimigo hai que coñecelo. A prohibición do Partido, a disolución das organizacións de masas, a perda da legalidade, todo isto representa, naturalmente, un duro golpe para o movemento revolucionario. Pero *disto moito de significar que con iso todo está perdido.*

En febreiro de 1933, o Partido Comunista estaba baixo a ameaza da ilegalidade. A prensa comunista estaba suspendida e agardábase a suspensión do Partido Comunista. O Partido Comunista de Alemaña sabía moi ben que en moitos países estaban prohibidos os partidos comunistas, mais que, malia isto, continuaban a traballar e loitar. O Partido Comunista estaba prohibido en Polonia, en Bulgaria, en Italia e noutros países. Eu podo falar disto sobre a base da experiencia do Partido Comunista Búlgaro. Despois do Levantamento de 1923, o Partido Comunista Búlgaro foi prohibido; pero seguía a traballar e, aínda que con grandes custes, acabou sendo máis forte que en 1923. Isto pode comprendelo calquera persoa dotada de sentido crítico.

O Partido Comunista de Alemaña, aínda sendo ilegal, nunha situación apropiada pode realizar a revolución. Isto fica demostrado pola experiencia do Partido Comunista de Rusia. O Partido Comunista de Rusia era ilegal, sufría sangrentas persecucións, mais co tempo, a clase obreira, co Partido Comunista á cabeza, chegou ao Poder. Os dirixentes do Partido Comunista de Alemaña non podían pensar que “todo estaba perdido”, nin que estaban ante o dilema de “insurrección ou morte!”. A dirección do Partido Comunista de Alemaña sabía perfectamente que o traballo ilegal custaría numerosos sacrificios e esixiría valor e abnegación, mais sabía tamén que as súas forzas revolucionarias se fortificaban e que serían capaz de cumprir as tarefas que tiñan encomendadas. Por iso, está absolutamente descartado que o Partido Comunista de Alemaña quixera, naqueles momentos, xogarse todo. Os comunistas non son, afortunadamente, tan miopes como os seus inimigos, nin perden a cabeza nas situacións difíciles.

A isto é mester engadir que o Partido Comunista de Alemaña e os demais Partidos Comunistas son Seccións da Internacional Comunista. Que é a Internacional Comunista? Permitireime citar os seus estatutos.

O primeiro parágrafo dos estatutos di así:

«A Internacional Comunista, asociación internacional dos obreiros, é a unificación dos Partidos Comunistas dos distintos países nun único Partido Comunista mundial.

Como guía e organizador do movemento revolucionario do proletariado e voceiro dos principios e dos obxectivos do comunismo, a Internacional Comunista loita pola conquista da maioría da clase obreira e das extensas masas dos campesiños pobres, pola instauración da ditadura do proletariado, pola creación da Federación Mundial de Repúblicas Socialistas Soviéticas, pola supresión total das clases e pola realización do socialismo, primeira etapa da sociedade comunista.»

Neste Partido Mundial de millóns de homes, que é a Internacional Comunista, o Partido máis forte é o Partido Comunista da Unión Soviética. É o Partido que goberna a Unión Soviética, no Estado máis grande do mundo. A Internacional Comunista, o Partido Comunista mundial, analiza a situación política conxuntamente coa dirección dos Partidos Comunistas de todos os países.

A Internacional Comunista, ante a cal son directamente responsábeis todas as Seccións, non é unha organización de conspiradores, senón un Partido mundial. *Semellante Partido mundial non xoga coa insurrección, nin coa revolución.* Semellante Partido mundial non pode dicir oficialmente aos seus millóns de partidarios *unha cousa* e, asemade, *facer secretamente o contrario*. Semellante Partido, queridísimo Dr. Sack, non coñece a contabilidade por partida dobre!



*Dr. Sack:* Moi ben, continúe vostede a súa propaganda comunista.

*Dimitrov:* Semellante Partido, ao dirixirse aos millóns de proletarios, ao adoptar as súas decisións sobre a táctica e sobre as tarefas inmediatas, faino seriamente, con plena consciencia da súa responsabilidade. Citarei a resolución do XII Pleno do Comité Central da Internacional Comunista. Xa que no proceso se falou destas resolucións teño dereito a lelas.

Segundo estas resolucións, a tarefa fundamental do Partido Comunista alemán era a seguinte:

«Mobilizar ás grandes masas de traballadores para a defensa dos seus intereses máis vitais, contra a feroz explotación polo capital monopolista, contra o fascismo, contra os decretos-leis, contra o nacionalismo e o chauvinismo, loitando polo internacionalismo proletario e desenvolvendo as folgas económicas e políticas e as manifestacións, conducindo ás masas á folga política xeral; conquistar ás principais masas da socialdemocracia, liquidar os aspectos febles do movemento sindical. A principal consigna que o Partido Comunista alemán debe opoñer á da ditadura fascistas (o “Terceiro Imperio”), así como a consigna da socialdemocracia (a “Segunda República”) debe ser a República Obreira e Campesiña, é dicir, a Alemaña Socialista Soviética, asegurando así a posibilidade da incorporación voluntaria dos pobos de Austria e das demais rexións alemás.»

*Traballo de masas, loita de masas, resistencia de masas, fronte única e nada de aventuras!* - este é o principio e o fin da táctica comunista.

Atopouse entre os meus papeis un chamamento do Comité Executivo da Internacional Comunista. Entendo que este documento tamén pode ser citado aquí. Neste chamamento hai dous puntos sumamente importantes. Fálase de manifestacións nos distintos países por mor dos acontecementos de Alemaña. Fálase das tarefas do Partido Comunista na loita contra o terror nacionalsocialista, así como da defensa das organizacións e da prensa da clase obreira. Neste chamamento dise, entre outras cousas:

«A principal eiva no camiño da formación da fronte única de loita dos obreiros comunistas e socialdemócratas foi, e continúa a ser, a política de colaboración coa burguesía, levaba a cabo polos partidos socialdemócratas, que abandonan hoxe ao proletariado internacional baixo os golpes do inimigo de clase. Esta política de colaboración coa burguesía, coñecida co nome de política do “mal menor”, conduciu na práctica, na Alemaña, ao triunfo da reacción fascista.

A Internacional Comunista e os Partidos Comunistas de todos os países declararon repetidamente que están dispostos a ir á loita conxunta cos obreiros socialdemócratas, contra a ofensiva do capital, contra a reacción política e a ameaza de guerra. Os Partidos Comunistas foron os organizadores da loita conxunta dos obreiros comunistas, socialdemócratas e sen partido, a despecho dos xefes socialdemócratas, sabotadores sistemáticos da fronte única das masas obreiras. Xa o 20 de xuño do último ano após a derrota do goberno socialdemócrata prusiano por von Papen, o Partido Comunista de Alemaña contactou co Partido socialdemócrata de Alemaña e coa súa Central Sindical Alemá para propoñer a organización dunha folga conxunta contra o fascismo. Mais o Partido socialdemócrata e a Central Sindical Alemá, coa aquiescencia de toda a Segunda Internacional, cualificaron de provocación esta proposición de folga conxunta. O Partido Comunista de Alemaña formulou, de novo, ao subir Hitler ao poder, a proposición de organizar conxuntamente a resistencia contra o fascismo, mais tamén esta vez obtivo a

negativa do Comité Central do Partido socialdemócrata e da directiva da Central Sindical de Alemaña. Aínda máis, cando, en novembro do pasado ano, os obreiros do transporte de Berlín declararon por unanimidade a folga contra a rebaixa dos salarios, a socialdemocracia sabotou a fronte única de loita. A práctica do movemento obreiro internacional está inzada de exemplos semellantes.

No chamamento lanzado polo Comité da Internacional Obreira Socialista, o 19 de febreiro deste ano, figura a declaración de que os partidos socialdemócratas afiliados a esa Internacional están dispostos a establecer a fronte única cos comunistas para loitar contra a reacción fascista na Alemaña. Esta declaración é completamente contraria a todos os actos realizados até hoxe pola Internacional Obreira Socialista e polos partidos socialdemócratas.

Toda a política e toda a actividade da Internacional Socialista até agora dan motivos á Internacional Comunistas e aos Partidos Comunistas para non crer na sinceridade da declaración do Comité da Internacional Obreira Socialista, que lanza esta proposición nun momento no que unha serie de países, e sobre todo na Alemaña, a mesma masa obreira toma nas súas mans a organización da fronte única de loita.

Porén, fronte ao fascismo, que ataca á clase obreira alemá, que desencadea todas as forzas da reacción mundial, o Comité Executivo da Internacional Comunista exhorta a todos os Partidos Comunistas a que fagan unha tentativa máis para establecer por mediación dos Partidos Socialdemócratas a fronte única coas masas obreiras socialdemócratas. O Comité Executivo da Internacional Comunista fai esta tentativa coa firme convicción de que a fronte única da clase obreira contra a burguesía rexeitaría a ofensiva do capital e do fascismo e aceleraría extraordinariamente a fin inevitábel de toda explotación capitalista.

De acordo coas condicións peculiares dos distintos países e a diferenza das tarefas concretas das loitas formuladas ante a clase obreira de cada un dos países, os acordos que se selen entre os Partidos Comunistas e os Partidos Socialdemócratas para trazar as accións contra a burguesía poden realizarse coa máxima eficacia dentro do marco de cada país. Por iso, o Comité Executivo da Internacional Comunista recomenda aos Partidos Comunistas que presenten aos Comités Centrais dos Partidos Socialdemócratas, que integran a Internacional Socialista, proposicións congruentes, encamiñadas a realizar accións conxuntas contra o fascismo e contra a ofensiva do capital. Estas negociacións deber ter como base as condicións elementais de loita conxunta contra a ofensiva do capital e do fascismo. Sen un programa concreto de accións contra a burguesía, todo acordo entre os Partidos iría dirixido contra os intereses da clase obreira...

O Comité Executivo da Internacional Comunista fai estas proposicións ante toda a clase obreira internacional e exhorta a todos os Partidos Comunistas e, en primeiro lugar, ao Partido Comunista de Alemaña, a que emprendan inmediatamente a organización de comités conxuntos de loita, tanto cos obreiros socialdemócratas, como cos de todas as demais tendencias, sen agardar aos resultados das negociacións e dos acordos coa socialdemocracia sobre a loita común.

Cos seus moitos anos de loita, os comunistas demostraron que se atopan e se atoparán sempre, non de palabra, senón cos feitos, nas primeiras fileiras da loita pola fronte única das accións de clase contra a burguesía.

O Comité executivo da Internacional Comunista está firmemente convencido de que os obreiros socialdemócratas e sen partido, independentemente da actitude que os líderes da socialdemocracia manteñan verbo da creación da fronte única, limaran todos os obstáculos e realizarán, conxuntamente cos comunistas, a fronte única, non con verbas, senón con feitos.

Hoxe precisamente, cando o fascismo alemán, co gallo de destruír o movemento obreiro na Alemaña, organizou unha provocación endexamais vista (incendio do Reichstag,

falsificación de documentos sobre a insurrección), todo obreiro debe ter claro o seu deber de clase na loita contra a ofensiva do capital e contra a reacción fascista».

Este chamamento non contén nin unha soa palabra sobre a loita inmediata polo poder. Esta tarefa non foi formulada nin polo Partido Comunista de Alemaña, nin pola Internacional Comunista. Mais eu podería dicir que o chamamento da Internacional Comunista prevé a posibilidade da insurrección armada.

Disto o Tribunal tirou a conclusión de que, xa que o Partido Comunista ten como obxectivo a insurrección armada, isto quere dicir que esta se estaba preparando e estouparía inmediatamente. Pero isto é ilóxico, erróneo, por non empregar verbas máis fortes. Si, loitar pola ditadura do proletariado é, naturalmente, a misión do Partido Comunista do mundo enteiro. Ese é o noso principio, o noso obxectivo.

Mais este é un programa concreto, para cuxa realización fan falla as forzas non só da clase obreira, senón tamén das demais capas das masas traballadoras.

Todo o mundo sabe que o Partido Comunista de Alemaña era partidario da revolución proletaria. Mais non é esta a cuestión que hai que ventilar neste proceso. O problema está en saber se realmente se sinalara a insurrección con obxecto de conquistar o poder o 27 de febreiro, en relación co incendio do Reichstag.

Cal foi o resultado do sumario, señores xuíces? A lenda, segunda a cal o incendio do Reichstag foi obra dos comunistas, diluíuse. Non citarei aquí as declaracións das testemuñas, como fixeron os outros defensores. Pero para toda persoa que estea no seu san xuízo esta cuestión pode considerarse completamente dilucida. O incendio do Reichstag non está vinculado en absoluto coa actuación do Partido Comunista, non xa coa insurrección, senón nin sequera coas manifestacións, coas folgas ou con outras accións de igual natureza. Isto demostra absolutamente o sumario. O incendio do Reichstag –non me refiro ás afirmacións de delincuentes ou anormais- non foi interpretado por ninguén como un sinal para a insurrección. Ninguén percibiu acto algún destinado á insurrección a raíz do incendio do Reichstag. Todas as lendas difundidas neste sentido naceron xa con posterioridade. Os obreiros estaban á defensiva ante o avance do fascismo. O Partido Comunista de Alemaña trataba de organizar a resistencia das masas, a súa defensa. E demostrouse que *o incendio do Reichstag foi o pretexto, o limiar dunha ampla cruzada de aniquilación da clase obreira e da súa vangarda, o Partido Comunista de Alemaña.*

Demostrouse irrefutabelmente que os representantes responsábeis do goberno nin sequera pensaron, os días 27 e 28 de febreiro, na posibilidade de que estoupara unha insurrección comunista. No tocante a isto, formulei moitas preguntas ás testemuñas citadas neste proceso. Interroguei principalmente a Seller, ao célebre Karwahne (hilaridade na sala), a Frey, ao conde de Helldorf, aos funcionarios da policía. Malia as distintas versións, todos coincidiron en que non escoitaran nada sobre a inminente insurrección comunista. Isto quere dicir que nos círculos do goberno non se tomara ningunha medida.

*O Presidente:* Presentouse ao Tribunal, emporiso, unha comunicación do xefe do Departamento de policía do Oeste sobre este asunto.

*Dimitrov:* O xefe do Departamento de policía do Oeste expón na súa comunicación que Göring o chamou dándolle instrucións verbais sobre a loita contra o Partido Comunista, é dicir, sobre a loita contra os mitins, folgas, manifestacións, campañas electorais comunistas,

etc... Mais esta comunicación non fala de que se adoptasen medidas contra unha insurrección comunista inminente.

Tamén o avogado Seuffert falou onte aquí disto. E tirou a conclusión de que nos círculos do goberno naquel momento ninguén esperaba a insurrección. Seuffert referíase a Göbbels, ao indicar que este, nun primeiro momento, non dera creto á noticia do incendio do Reichstag. Non nos incumbe saber se foi así ou non.

Neste sentido, tamén constitúe unha proba o decreto-lei do goberno alemán, ditado o 28 de febreiro de 1933. Este decreto foi promulgado inmediatamente despois do incendio. Lean este decreto. Que di? Di que fican derogados uns artigos, é dicir, os artigos concernentes á liberdade de asociación e de prensa, á inviolabilidade das persoas, dos domicilios, etc... Nisto consiste o fondo do citado decreto-lei, do seu segundo artigo. A cruzada contra a clase obreira.

*O Presidente:* Non contra a clase obreira, senón contra os comunistas...

*Dimitrov:* Teño que dicir que mediante este decreto-lei foron detidos non só comunistas, senón tamén obreiros socialdemócratas e cristiáns, e disolutas as súas organizacións. Quixera subliñar que este decreto-lei non ía dirixido só contra o Partido Comunista de Alemaña, aínda que fose sobre todo contra el, senón tamén contra os demais partidos e grupos da oposición. Este decreto era necesario para implantar o estado de alarma e estaba relacionado directa e organicamente co incendio do Reichstag.

*O Presidente:* Se ataca ao goberno alemán retirareille a palabra.

*Dimitrov:* Neste proceso hai unha cuestión que non foi tratada en absoluto.

*O Presidente:* Vostede debe dirixirse aos xuíces e non ao público, doutro modo o seu discurso será considerado como propaganda.

*Dimitrov:* Unha cuestión ficou sen dilucidar pola acusación e polos defensores. Non me estraña que o consideraran innecesario. Temen moito a esta cuestión . É a cuestión da situación política de Alemaña en febreiro. Debo determe un chisco nesta cuestión.

A finais de febreiro, a situación política era tal que no campo da fronte nacional estaba a xermolar unha loita...

*O Presidente:* Entre vostede de novo nun asunto que xa lle prohibín tratar máis dunha vez.

*Dimitrov:* Quixera lembrar a miña petición ao xuíz de que fosen citados unha serie de testemuñas: Schleicher, Brünig, von Papel, Hugenberg, Düsterberg, o antigo vicepresidente da organización Stahlhelm, e outros.

*O Presidente:* Pero o Tribunal denegou a citación destas testemuñas. Polo tanto, non debe vostede insistir nisto.

*Dimitrov:* Seino, e tamén coñezo a razón.

*O Presidente:* Moléstame ter que interrompelo constantemente nas súas verbas finais, mais debe vostede aterse ás miñas indicacións.

*Dimitrov:* Esta loita intestina dentro do campo nacionalista desenvólvese como consecuencia da loita librada entre bastidores nos círculos financeiros. Por unha banda, os círculos de Thyssen e Krupp (industria da guerra), que durante moitos anos subvencionaran o movemento nacionalsocialista, e, pola outra, os seus competidores, que debían ser desprazados a un segundo plano.

Thyssen e Krupp querían implantar no país o principio do poder persoal e o réxime absoluto baixo a súa dirección práctica, o principio da franca redución do nivel de vida da clase obreira, para o cal tiñan que esmagar ao proletariado revolucionario. Naquel período, o Partido Comunista pulaba por crear a fronte única, co obxecto de unificar as forzas para a defensa contra as tentativas dos nacionalsocialistas de destruír o movemento obreiro. Unha parte dos obreiros socialdemócratas sentían a necesidade da fronte única da clase obreira. Comprendíana. Moitos milleiros de obreiros socialdemócratas pasáranse ás fileiras dos comunistas. Mais, en febreiro e marzo, a tarefa do establecemento da fronte única non significaba en absoluto a insurrección, nin a súa preparación; só significaba a mobilización da clase obreira contra a cruzada de espoliación dos capitalistas e contra a violencia dos nacionalsocialistas.

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Vostede sempre dixo que a súa única preocupación era a situación política de Bulgaria; mais as súas manifestación actuais demostran que sempre seguiu tamén con grande interese os asuntos políticos alemáns.

*Dimitrov:* Señor Presidente! Lánzame vostede un reproche. Pódolle obxectar do seguinte xeito: interésome, como revolucionario búlgaro, polo movemento revolucionario de todos os países; interésome, por exemplo, polos problemas políticos da América do Sur, problemas que coñezo quizais non pero que as cuestións de Alemaña, aínda que xamais estivera en América. Aproveitarei para dicir que isto non significa que, se na América do Sur chegara a arder algún Parlamento, fose eu o culpábel.

Durante o sumario deste proceso coñecín moitos detalles. Na situación política daquel período había dous factores fundamentais: primeiro, a tendencia dos nacionalsocialistas a acadar a dominación exclusiva; o segundo factor, contrapeso do primeiro, era a situación do Partido Comunista, encamiñada á creación da fronte única dos obreiros. Ao meu entender, isto revelouse tamén durante o sumario deste proceso.

Os nacionalsocialistas necesitaban unha manobra para distraer a atención das dificultades existentes no campo nacional e malograr a fronte única dos obreiros. O “gobierno nacional”, derogando a liberdade de prensa e de inviolabilidade das persoas e instaurando o sistema de represións policiais, de campos de concentración e demais medidas de loita contra os comunistas.

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Chegou vostede ao máximo, fai vostede alusións.

*Dimitrov:* Só quero examinar a situación política de Alemaña nas vésperas do incendio do Reichstag, tal como a entendo eu.

*O Presidente:* Non é este o lugar para facer alusións referidas ao goberno e para afirmacións refutadas hai moito.

*Dimitrov:* A clase obreira tiña que se defender con todas as súas forzas e, para este obxecto, o Partido Comunista tentaba organizar a fronte única, malia a resistencia de Wels e Breitscheid, que agora no estranxeiro deixan ouvir os seus berros históricos.

*O Presidente:* Se quere, debe vostede entrar na súa defensa; do contrario, non lle quedará tempo suficiente.

*Dimitrov:* Xa declarei antes que nun punto estou de acordo coa acta de acusación. E agora vou confirmalo. Trátase da cuestión de se Van der Lubbe cometeu o incendio *el só* ou tivo cómplices. O representante da acusación, Parisius, declarou aquí que a forma de resolverse a cuestión de se Van der Lubbe tivo ou non cómplices determinaría a sorte dos acusados. E a isto, contesto: Non, mil veces non! A conclusión do Fiscal non é lóxica. *Eu entendo, efectivamente, que Van der Lubbe non incendiou el só o Reichstag.* Sobre a base dos informes periciais e dos datos do sumario, chego á conclusión de que o incendio producido na sala de sesións do Reichstag era de distinta clase que o do restaurante do piso baixo, etc., etc. A sala de sesións foi incendiada por outra xente e con outros medios. O incendio de Lubbe e o incendio producido na sala de sesións só coinciden *no tempo*; no resto son *radicalmente distintos*. O máis probábel é que Lubbe fose un instrumento inconsciente nas mans deses homes, instrumento do que estes abusaron. Van der Lubbe non di aquí todo o que sabe. Continúa obstinado no seu silencio. O xeito de resolverse esta cuestión non decide a sorte dos acusados. Van der Lubbe non estaba só, pero nin Torgler, nin Popov, nin Tanev, nin Dimitrov estaban con el.

O 26 de febreiro, Van der Lubbe atoparía en Hennigsdorf, con seguridade, a unha persoa, á que confiou o seu propósito de incendiar o Concello e o Palacio. Esta persoa suxeríulle que semellantes incendios só eran “xogos de crianzas”, que a verdadeira fazaña sería incendiar o Reichstag durante as eleccións. E así, dunha alianza misteriosa entre a tolemia política e a provocación política, naceu o incendio do Reichstag. O aliado que representaba á tolemia política está no banco dos acusados. Os aliados que representan a provocación política continúan en liberdade. O estúpido de Van der Lubbe non podía saber, daquela, que mentres el se entretía coas súas torpes tentativas de incendiar o restaurante, o corredor e o primeiro piso, nese mesmo instante, persoas descoñecidas, empregando o combustíbel líquido, do que nos falou o Dr. Schatz, incendiaban a sala de sesións.

*(Van der Lubbe comeza a rir. Un riso contido sacude todo o seu corpo. A atención de toda a sala, dos xuíces e dos acusados concéntrase en Van der Lubbe).*

*Dimitrov (senalando a Van der Lubbe):* O provocador descoñecido preocupouse de todos os preparativos do incendio. Este Mefistófeles soubo desaparecer sen deixar pegada. E aquí só temos o “instrumento” estúpido, o pobre Fausto, pero Mefistófeles desapareceu... O máis probábel é que fose en Hennigsdorf onde se tendera a ponte entre Lubbe e os representantes da provocación política, axentes dos inimigos da clase obreira.

O Fiscal Xeral Werner dixo aquí que Van der Lubbe é comunista; dixo tamén que, aínda que non fose comunista, realizou a súa obra en interese do Partido Comunista, ou mantén relacións con el. É unha afirmación falsa.

Quen é Van der Lubbe? Comunista? De ningún xeito! Anarquista? Non! É un obreiro desclasado, un lumpen rebelde, un ser do que se abusou, utilizado contra a clase obreira. Pero Lubbe non é comunista! Non é anarquista! Non hai no mundo un só comunista, un só anarquista, capaz de seguir no proceso unha conduta como a que seguiu até agora Van der Lubbe. Os verdadeiros anarquistas poden cometer actos insensatos, pero ante os tribunais responden eles e explican os seus obxectivos. Se un comunista puidese realizar un acto semellante, non gardaría silencio no proceso, cando no banco dos acusados se sentan homes inocentes. Non. Van der Lubbe non é comunista, nin é anarquista; é un instrumento do que abusou o fascismo.

Nin o presidente da fracción comunista do Reichstag, nin os comunistas búlgaros poden ter nada en común con este home, con este instrumento do que se abusou, utilizado para danar ao comunismo.

Debo lembrar aquí que, na mañá do 28 de febreiro, Göring publicou un comunicado sobre o incendio, dicindo que Torgler e Koenen fuxiran do edificio do Reichstag ás dez da noite. Esta noticia foi difundida por todo o país. No comunicado dicíase que o incendio fora realizado por comunistas. Ao mesmo tempo, non se seguía a pista de Van der Lubbe en Hennigsdorf. O individuo que se reuniu con Van der Lubbe e pasou a noite no asilo de policía de Hennigsdorf non foi atopado...

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Cando pensa vostede terminar co seu discurso?

*Dimitrov:* Propóñome falar unha media hora máis. Teño que expoñer a miña opinión sobre este punto...

*O Presidente:* Pero non pode vostede falar indefinidamente.

*Dimitrov:* Durante os tres meses que durou o proceso, vostede, señor Presidente, obrigoume infinidade de veces a gardar silencio, coa promesa de que á terminación do mesmo podería falar extensamente na miña defensa. Ese momento chegou, mais malia a súa promesa, restrinxe outra vez o meu dereito a falar. A cuestión Hennigsdorf é dunha importancia extraordinaria. Waschinski, o individuo que pasou a noite con Van der Lubbe, non foi encontrado. A miña petición de que o busquen foi cualificada de innecesaria. A afirmación de que Lubbe se reunira en Hennigsdorf con comunistas é unha mentira fraguada por unha testemuña nacionalsocialista, o barbeiro Grawe. Se Van der Lubbe se reunira en Hennigsdorf con comunistas, hai moito tempo que este punto sería investigado, señor Presidente. Ninguén se molestou en buscar a Waschinski!

A persoa que vestía de paisano e que se presentou na comisaria de Brandeburgo coa primeira nova sobre o incendio do Reichstag, non foi buscada e continúa até hoxe sen identificar. A instrución do sumario estaba orientada nun sentido falso. O deputado nacionalsocialista, doutor Albrecht, que abandonou o Reichstag inmediatamente despois do incendio, non foi interrogado. Buscouse nas fileiras do Partido Comunista, e iso é un erro. Iso deu a posibilidade de desaparecer aos verdadeiros incendiarios. Xa se dixo: xa que non apresamos, nin nos atrevemos a apresas, aos verdadeiros culpábeis do incendio, hai que apresas a outros, aos “incendiarios suplentes”, por dicilo así.

*O Presidente:* Prohíbolle expresarse desta forma. Só ten dez minutos máis.

*Dimitrov:* Teño dereito a formular e motivar propostas sobre o fallo. No seu discurso, o Fiscal Xeral estimou que as declaracións dos comunistas non merecían creto. Eu non adopto unha posición semellante. Eu non podo afirmar, por exemplo, que todas as testemuñas nacionalsocialistas sexan embusteiras. Coido que entre os millóns de nacionalsocialistas hai tamén xente honrada.

*O Presidente:* Prohíbolle semellantes ataques violentos.

*Dimitrov:* Seica non é significativo que todas as principais testemuñas sexan deputados nacionalsocialistas e partidarios do nacionalsocialismo? O deputado nacionalsocialista Karwahne dixo que vira a Torgler con Van der Lubbe no edificio do Reichstag. O deputado nacionalsocialista Frey declarou que vira a Popov con Torgler no edificio do Reichstag. O camareiro nacionalsocialista Hellmer afirmou que vira a Van der Lubbe con Dimitrov. O xornalista nacionalsocialista Weberstedt dixo que vira a Tanev con Lubbe. Que é isto? Unha casualidade? O doutro Dröscher, que se presentou aquí como testemuña e que é ao mesmo tempo redactor do *Völkischer Beobachter*, onde asina co nome de Zimmermann...

*O Presidente (interrompendo a Dimitrov):* Iso non foi probado.

*Dimitrov:* ...Afirmou que Dimitrov foi o organizador do atentado na catedral de Sofía, algo que foi desmentido, e que me vira, seica, con Torgler no Reichstag. Declarou con certeza absoluta que Dröscher e Zimmermann son a mesma persoa...

*O Presidente:* Iso non foi probado. Rexéitoo.

*Dimitrov:* O funcionario de policía von Seller citou aquí unha poesía comunista dun libro publicado en 1925, para demostrar que en 1933 os comunistas incendiaron o Reichstag. Permitireime tamén citar un verso do máis grande poeta de Alemaña, Göthe:

*Abre os ollos a tempo!*

*A grande roda da dita*



*Raras veces se detén;  
ou vences ou perdes;  
hai que gañar e mandar,  
ou someterse e perder,  
ou ser zafra ou ser martelo!*

*Se el non quere ser zafra, ten que ser martelo.* A clase obreira alemá, no seu conxunto, non comprendeu esta verdade, nin en 1918, nin en 1923, nin o 20 de xullo de 1932, nin en xaneiro de 1933. Os culpábeis disto son os líderes socialdemócratas, os Wels, os Severing, os Brauns, os Leipart, os Grassmann. Claro está que agora os obreiros alemáns xa poderán comprendelo ou o comprenderán.

Falouse moito aquí do dereito e das leis alemáns e eu quixera expoñer a miña opinión. É indubidábel que nos erros da xustiza están sempre latentes as combinacións políticas do momento e as tendencias políticas dominantes. O ministro de Xustiza, Kerl, que é unha testemuña competente para este Tribunal, di o seguinte:

«O prexuízo do dereito formalmente liberal consiste en afirmar que o culto da xustiza debe ser a *obxectividade*. Agora descubrimos tamén a *fonte* do divorcio entre *o pobo e a xustiza*. Que é a obxectividade? Nos momentos nos que os pobos loitan pola súa existencia, acaso coñecen a obxectividade o soldado que pelexa na guerra ou o contrincante? Os soldados e os exércitos saben *só unha cousa*, teñen un só pensamento, coñecen só unha preocupación: como salvar a liberdade e a honra, como salvar a nación.

É evidente, pois, que a xustiza dun pobo que loita a vida ou morte non pode prosternarse ante unha obxectividade morta. *As medidas do Tribunal, da acusación e da defensa deben estar inspiradas exclusivamente nunha soa consideración: que é o que implica isto para a vida da nación? Que é o que salvará ao pobo?»*

Mais a obxectividade invertebrada, que significa estancamento e, xa que logo, divorcio co pobo, non. Todos os actos, todas as medidas da colectividade no seu conxunto, e de cada persoa por separado, deben subordinarse ás necesidades vitais do pobo, da nación.»

Por conseguinte, o dereito é un concepto relativo...

*O Presidente:* Isto non ten relación co tema. Formule vostede as súas peticións.

*Dimitrov:* O Fiscal Xeral pediu a absolución dos acusados búlgaros, por falta de probas. Pero a min non me basta, de ningún xeito. A cuestión dista moito de ser tan sinxela. Isto non descartaría as sospeitas. Non, durante o proceso demostrouse que nos non temos nada que ver co incendio do Reichstag. Por isto, non hai marxe para ningunha clase de sospeitas. Nós, os búlgaros, como igualmente Torgler, debemos saír absoltos, non por falta de probas, senón porque nós, como comunistas, non tivemos, nin puidemos ter, nada que ver co este acto anticomunista.

Pido que o fallo sexa o seguinte:

1. O Tribunal Supremo debe recoñecer a nosa inocencia e a acusación deber ser rexeitada como falsa, no relativo a Torgler, Popov, Tanev e a min.
2. Que se considere a Van der Lubbe como un instrumento utilizado contra a clase obreira.
3. Os culpábeis da acusación inxustificada contra nós deberán responder disto ante os tribunais.
4. Que se indemnice por conta dos culpábeis a perda de tempo, os quebrantos de saúde e os sufrimentos soportados por nós.

*O Presidente:* O Tribunal terá en conta estas que vostede chama peticións ao discutir o fallo.

*Dimitrov:* Chegará o día no que esta peticións sexan cumpridas con creces. No tocante ao esclarecemento concreto do incendio do Reichstag e a identificación dos verdadeiros incendiarios, isto ficará, naturalmente, para o Tribunal do pobo da futura ditadura proletaria.

No século XVII, o fundador da física científica, Galileo, compareceu ante o Tribunal da Inquisición, que o condenaría a morte por herexe. Galileo exclamou ante os seus xuíces cunha profunda convicción: «Eppur si muove!». E co tempo, esta tese científica pasou a ser patrimonio de toda a humanidade.

*O Presidente, interrompendo a Dimitrov, levántase, recolle os papeis e dispónse a retirarse.*

*Dimitrov: Nós, os comunistas, podemos hoxe dicir, non menos convencidos que o vello Galileo:*

*«Eppur si muove!»*

*A roda da historia xira, marcha adiante, cara á Europa Soviética. E ninguén conseguirá deter a esta roda empurrada polo proletariado, baixo a dirección da Internacional Comunista.*

*Nin con medidas de exterminio, nin con sentencias a traballo forzado, nin con penas de morte. A roda xira, seguirá xirando até o triunfo definitivo do comunismo!*

(Pola forza, os policía obrigan a Dimitrov a sentar no banco dos acusados. O Presidente e o Tribunal retíranse para deliberar sobre se é posíbel deixar a Dimitrov continuar co seu discurso. Após a deliberación, o Tribunal regresa e declara que a Dimitrov se lle retira a palabra definitivamente).